



O FARELO

Nº14

Febreiro de 2018

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

A Xunta inviste
800.000€ no
mosteiro de
Oseira



Páxinas VIII

Ciclo nos 20
aniversario do
Cineclub
Poleiro



Páxina XVII

Presentado
"Terras do
Condado-A
Paradanta"
en FITUR



Páxina XVI

Festival Taiña
en Goián,
Tomiño



Páxina XXIV

Certame de
recolla das
imaxes do
Patrimonio
Cultural
Inmaterial
galego-portugués



Páxina XV



A Xunta inviste 508.000 euros no proxecto
expositivo do Museo do Viño en Ribadavia

Páxina X

Entrevista



Thais Pousada, docente universitaria

"Na investigación non
se inviste cunha visión
a longo prazo"

Páxina XIV



DISCARLUX
ONLINE

A mellor carne galega ao servizo da restauración

91 507 98 61
discarlux.es



Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14
Madrid

Opinión

■ Por Luís Fernández Guitián. Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra

Os retos da Ribeira Sacra

Comezar un novo ano é sempre ilusionante, pero recoñezo que pechar 2017 foino tamén tras poder valorar os resultados obtidos. Foi un ano excepcional para o sector que nos reúne cada ano neste marco de FITUR e iso, no caso de Ribeira Sacra poderíamos dicir que se traduciu nunha viaxe máis aló das nubes. Son moitos os motivos e indicadores desa ilusión coa que arrincamos un novo exercicio, pero ante a imposibilidade e improcedencia de abarcalo todo agora e máis aló das cifras, centrareime en catro aspectos que xustifican en parte esta sensación tan gratificante e o ímpeto por seguir crescendo.

O pasado 10 de setembro despegou o último globo das viaxes 2017. Un total de 280 prazas puxéronse á venda entre xuño e setembro. Esgotáronse en cuestión de horas. Chegaron persoas de todos os puntos de Galicia e do resto de España, e os teléfonos do Consorcio e correos chegaron a colapsarse por momentos. En leste mesmo escenario presentamos hai un ano o voo inaugural no que sobrevoamos a capitalidade, Monforte de Lemos, baixo a campaña promocional "Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra". A pesar da expectativa levantada naquel momento, nada facía presaxiar que o éxito sería tan rotundo."

Esgrafiados

Outro proxecto que nos mantén certamente ilusionados está relacionado co coidado do destino. É verdade que os xestores pecamos ás veces de querer promocionar para atraer público ao noso territorio sen pararnos a pensar se o preparamos como verdadeiros anfitrións. Cando

aloxamos a invitados en casa, preocupámonos de coidar cada un dos detalles que nos permita dar a mellor imaxe de nós mesmos; pois ben, iso é o que pretendemos facer tamén en Ribeira Sacra. Fai un par de edicións presentamos o proxecto de muralismo como unha posible ferramenta da loita contra o feísmo archi-

consciente da súa importancia ata valorar o conxunto. Son os "esgrafiados". Seguramente que moitos dos presentes, non sendo de Ribeira Sacra, verían nas zonas rurais dos seus lugares de orixe encintados nas fachadas de pedra cun certo toque ornamental. Pois ben, a iso damos o nome de esgrafiado e en Ribeira

positivos tecnolóxicos. Este portal que hoxe se abre a modo de proba en galego e castelán, estará dispoñible ao completo antes da próxima Semana Santa e foi desenvolvido no marco da subvención de sinalización e accesibilidade convocado pola Axencia. Este proxecto implica facilitar unha planificación efectiva de visitas ao destino podendo crear unha guía personalizada dunha estancia; facilita o desprazamento físico



Vista aérea de Castro Caldelas municipio ourensán da Ribeira Sacra.

tectónico. Á vez que escondiamos determinados elementos que formaban parte irremediable da nosa paisaxe, poñiamos en valor os recursos que recollían as pinturas dos artistas aos que encomendamos o proxecto.

Sen abandonar esta idea máis contemporánea de embelecemento de espazos, en 2017 e grazas a outro dos convenios asinados coa Xunta de Galicia, puxemos en marcha unha acción de posta en valor dun muralismo tradicional que a inmensa maioría de persoas descoñecen. E inclúome, que a pesar de ver desde neno este tipo de decoracións con cal nas fachadas, non era

Sacra ten un significado especial, pola súa tipoloxía e concentración.

Portal

E ilusión fainos presentar a versión de proba dun novo portal de información turística que nada ten que ver coas ferramentas que utilizamos ata o momento. A actual web de información do Consorcio quedouse pequena en canto a capacidade e en canto a tránsito, pois o acceso á mesma multiplicouse por 10 no últimos tres anos. Así ben, era unha necesidade dar cobertura informativa a través do medio imprescindible que é a Rede e mellorar o soporte para adaptalo aos novos dis-

aos recursos turísticos presentes no destino; facilita o acceso á información a persoas con discapacidades visuais (antes e durante a visita) e outras; enriquece e complementa de maneira substancial os contidos xa presentes nos medios físicos con técnicas e medios acordes aos tempos que corren segundo os intereses dos visitantes. Tamén, fai máis accesible, simple e atractivo o acceso, a exploración e a visualización da información turística existente sobre o destino e ofrece toda a información en seis idiomas: galego, castelán, inglés, francés, portugués e alemán.



Declaración BIC

Por último e como algo que relegará o 2018 ás datas históricas de Ribeira Sacra, temos por diante o reto máis ilusionante ao que nos enfrontamos ata o momento: o camiño a unha posible declaración como Patrimonio da Humanidade. Levamos un tempo falando dela, pero os pasos comezan a darse en firme e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tomou as rendas para formalizar esta candidatura. Como paso previo está a case inminente declaración de Ben de Interese Cultural. A concienzuda labor do equipo de traballo de Patrimonio coa participación de deputacións, concellos, Consello Regulador, asociacións culturais e outros moitos axentes, levou á incoación do expediente que se publicaba o pasado 29 de decembro no Diario Oficial de Galicia. A declaración ten a súa complexidade. Falamos de case 18.000 hectáreas e 190 núcleos de poboación nas ribeiras dos ríos Sil e Miño. Todos temos responsabilidade neste proceso, por iso convido desde aquí a que calquera persoa interesada e coñecedora do territorio revíseo e faga as achegas que considere oportunas para que o resultado final sexa consensuado e mérito de moitos.

Así ben, por diante temos un ano crucial para o noso territorio. Independentemente da candidatura, a declaración BIC constitúe unha ferramenta de protección e conservación nun momento crucial. Ribeira Sacra crece como destino turístico e é hora de pensar nas medidas que nos permitan garantir o mantemento do que a fai única.

O Concello da Coruña asina un protocolo de colaboración con Valencia para a promoción turística

Os concellos da Coruña e de Valencia asinaron este mércores no marco da Feira Internacional de Turismo de Madrid (FITUR) un protocolo de colaboración entre os seus consorcios de turismo que ten como fin desenvolver accións de promoción conxuntas e complementarias de cara a dar a coñecer e favorecer os desprazamentos a ambos destinos. Así, nun acto presidido polo alcalde coruñés, Xulio Ferreiro, e o seu homólogo valenciano, Joan Ribó, e ao que tamén acudiron o presidente do Consorcio de Turismo da Coruña, Alberto Lema, e a xerenta do ente municipal, Lanzada Calatalayud, ambas cidades manifestaron a súa vontade de "establecer accións que contribúan a acadar mellores resultados en canto ao posicionamento de marca e imaxe de ambos destinos de forma combinada". "As accións a desenvolver irán encamiñadas, tamén, a potenciar o incremento de novos e novas turistas", indicou o primeiro edil coruñés, que recordou que o goberno local coruñés "considerou e considera que a conexión por avión con Valencia é estratéxica, de aí que a man-



teña no seu convenio coa compañía Vueling e de aí que o pasado ano se variase a frecuencia dos vóos, na busca de horarios que conviñesen mellor tanto aos e ás viaxeiras de negocios, como a aquelas que buscaban o ocio que ofertan as dúas cidades".

O protocolo de colaboración establece unha serie de liñas de actuación básicas como son a promoción da oferta turística cruzada mediante talleres de traballo con profesionais do sector turístico, a difusión do voo A Coruña-Valencia-A Coruña a través de todos os medios posibles, e a realización de accións promocionais da oferta gastronómica a través da marca Saborea España, que aglutina os dous destinos.

O documento asinado entre os alcaldes Ferreiro e Ribó indica

tamén que tanto o Consorcio de Turismo da Coruña como a entidade Turismo Valencia elaborarán un Plan de Traballo conxunto no que se concretarán prazos e orzamentos asociados ás distintas liñas de traballo, así como unha Memoria de actuacións, onde se recolla e resume os traballos realizados e os resultados obtidos. "Este convenio de colaboración ten vocación de continuidade, de ser un documento vivo, xa que se irá ampliando coas diversas accións que vaíamos acordando poñer en marcha", dixo o rexedor, que avanzou que a pretensión de ambas entidades e articular unha Comisión de Seguimento, constituída por representantes de ambas administracións de cara a analizar as accións promocionais e os seus resultados.

Solucións para a nova rúa en Náutica



O concelleiro de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, reuniuse con veciños e veciñas dun inmoble lindante co polígono de Náutica, para acordar xunto coa xunta de compensación do polígono (responsable das obras) a solución definitiva de urbanización da nova rúa que conecta a praza Almirante Romay co paseo marítimo de San Roque de Fóra.

O edil destacou o traballo de mediación e achegas realizado polo goberno local para lograr que o proxecto "de a resposta ás demandas da veciñanza desta zona". Así, o edil insistiu en que, unha vez se leve a cabo esta obra, "completarase unha actuación que mellora a calidade urbana desta zona de forma

radical". "Estamos a falar dunha zona que, segundo a propia cidadanía, levaba máis de 40 anos reclamando as solucións que estamos a acometer no espazo público", indicou Varela, que lamentou que a revisión do proxecto adiaase os prazos previstos para a fin da execución da obra. "Non obstante, cremos que agora a intervención que levará a cargo a xunta de compensación do polígono cumpre coas demandas da cidadanía", dixo.

"Esta obra, xunto coas que vén de realizar na contorna o propio Concello, que foi tamén capaz de desbloquear a situación do polígono de Náutica, culminan unha actuación global fundamental para resolver desigualdades históricas con respecto a outras zonas da cidade", insistiu.

O Concello publica un novo álbum recopilatorio coa música dos grupos residentes nos Locais de Ensaio

O Concello da Coruña vén de editar un novo disco recopilatorio que inclúe algúns dos traballos dos grupos usuarios dos Locais de Ensaio. O álbum, gravado nos propios estudos do servizo municipal, inclúe once cortes de música de diversos estilos, entre os que se atopan punk, indie, metal, trap ou rock, e

que representan a gran variedade de estilos que se dan cita entre os grupos que forman parte do proxecto. Así, neste novo disco, a veciñanza poderá observar a evolución de grupos veteranos dos locais, e que teñen participado en eventos como o Festival Noroeste Estrella Galicia ou no Festival Solidario Coruña en

Directo, como son Ingravity, Harakiri, Proyecto Moucho, Reminders, Quetzal Rider ou Sala 5, Pero o CD recopilatorio tamén inclúe traballos de proxectos que están a iniciar a súa andaina no espazo municipal que se atopa no Coliseum, como Theta Waves, Quieta, Trípod3, Wondermind e Thacheesemakers.




Harakiri

O sétimo traballo recopilatorio dos grupos residentes nos Locais de Ensaio pódese conseguir en todas as bibliotecas municipais da Coruña, no Centro Municipal

de Información Xuvenil -situado no Fórum Metropolitano- así como nos propios Locais de Ensaio, nos seus respectivos horarios de apertura.

Humor

MAITIRENA

FELIX

XOSÉ LOIS


www.novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).


Depósito legal: VG-14/2017



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Humor

MIRO STEFANOVIC



HERMANAGER PRODUÇÕES



MARILENA NADI





Un acto literario e musical conmemora na Academia o 110 aniversario da estrea do Himno na Habana

A celebración, organizada pola Academia e o Instituto José Cornide, ponlle o ramo ao ano do centenario do pasamento de Eduardo Pondal

O 20 de decembro de 1907 estreábase na Habana o Himno, nunha celebración solemne no Gran Teatro do Centro Gallego. Aquel foi o primeiro dunha serie de xestos desde a emigración cubana que lle deron o pulo definitivo á composición de Eduardo Pondal e Pascual Veiga para a súa aceptación como símbolo de Galicia. A importancia da colectividade emigrante neste proceso é “un feito extraordinario que nos diferencia notablemente de calquera caso parecido”, salientou hoxe o académico Ramón Villares na conmemoración do 110 aniversario desta estrea alén mar celebrada hoxe na Real Academia Galega nun acto organizado da man do Instituto José Cornide. O académico correspondente Fernando López-Acuña afondou no proceso de creación artística do Himno, composto en 1890, e pescudou outras posibles representacións anteriores nun serán na que a parte musical correu a cargo de Queiman en Pousa antes de rematar coa interpretación colectiva de “Os pinos”.

“O Himno galego nace no tempo apropiado, cando a maior parte das nacións culturais e estados nacionais europeos abordaron o reto de ter símbolos que identificasen emocionalmente a comunidade política á que se dirixía”, salienta Ramón Villares. Isto significa que “Galicia estaba aí”, que o pensamento político e as pequenas mobilizacións rexionalistas, por débiles que

fosen, estaban ao corrente do que sucedía no contexto español, ibérico e europeo, engade o o historiador e académico de número.

Como os demais himnos, tampouco naceu por decreto, senón que o seu éxito foi froito dun proceso que implica aspectos como que sexa cantado polos orfeóns. Neste caso, reflicte tamén os esforzos do rexionalismo para dotar a comunidade galega de símbolos propios (o himno, a bandeira, un panteón e outros lugares de memoria etc.), pero quizais o máis definitorio do Himno galego é “un feito extraordinario”: o pulo definitivo da colectividade emigrante. “En case todos os casos coñecidos na fixación dos símbolos actuaron ou ben institucións públicas, administrativas ou políticas, ou ben partidos plenamente constituídos como tal, pero no caso de Galicia este impulso veu de América. O Himno foi creado en Galicia e despois foi a América, e de alí retornou. O peso excepcional da colectividade emigrante é algo que nos diferencia notablemente de calquera caso parecido”, conclúe o académico.

Un ano despois da súa estrea a cargo da Banda Municipal da Habana baixo a batuta de Guillermo M. Tomás (máis adiante nomeado académico correspondente da RAG), o himno de Eduardo Pondal e Pascual Veiga foi declarado oficial -por iniciativa de Xosé Fontenla Leal- en todas as festas do Centro Galego da capital cubana. A



Pola esquerda, o gaiteiro Andrés Lorenzo, a cantante Andrea Pousa, o musicólogo e académico correspondente Fernando López-Acuña, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o director do Instituto José Cornide, Xosé Fraga, o historiador e académico Ramón Villares e Queiman. Fonte: RAG

mesma institución editou en 1909 Apuntes para la Historia del Centro Gallego de la Habana, onde se publica por primeira vez en texto impreso a partitura e o poema. Esta edición foi de grande importancia para a súa expansión en Galicia, destaca o musicólogo Fernando López-Acuña, que na súa quenda se detivo tamén en detalles da creación artística.

A orixe: o certame musical de 1890

A música e o texto do Himno foran compostos en 1890 para un dos distintos concursos convocados co fin de dotar a Galicia dunha “marcha rexional”. Foi así o propio Pascual Veiga quen lle pediu a Eduardo Pondal que escribise un poema para o certame musical do Orfeón Coruñés nº4, que el mesmo dirixía. A partitura gañadora para acompañar os versos de “Os pinos” foi a de Ivo Gotós, pero a marcha non chegou a estrearse, tal como se anunciara, nas festas da Coruña dese ano, posiblemente por falta de tempo para ensaiala. Sexa como for, a música que fi-

nalmente acompañaría o poema de Pondal sería a que escribiu Pascual Veiga en previsión de que o premio quedase deserto, repasa o académico correspondente. Unha partitura que, segundo as indicacións de Veiga, debe tocarse “moito máis rápido do que normalmente hoxe se toca, porque o noso Himno é unha marcha”.

No momento da súa estrea na Habana o Himno foi considerado unha obra inédita, pero é posible que fora interpretado con anterioridade, apunta Fernando López-Acuña. O investigador suxire que Pascual Veiga puido incorporar a composición ao repertorio dos orfeóns que seguiu dirixindo, hipótese que atopa reforzo na declaración nun diario lugrés, no ano 1896, do secretario dun deles, o do Centro Galego de Madrid, con motivo da viaxe da agrupación a Lugo para participar nun certame. Nela asegura que “Os pinos” era interpretado polos seus membros.

En calquera caso, foi a estrea á outra beira do Atlántico a que marcou o inicio da

consolidación do Himno como símbolo de Galicia. Outro fito neste camiño, xa en territorio galego, foi a súa interpretación en Mondoñedo, en 1912, para recibir os restos de Pascual Veiga tras seren exhumados en Madrid. Cinco anos despois, en 1917, volveu soar noutro cemiterio, no de Santo Amaro da Coruña, na despedida de Eduardo Pondal nas voces dos membros das Irmandades da Fala, que tamén contribuíron dun xeito moi importante á súa popularización, engade o académico correspondente.

Con este acto a RAG ponlle o ramo á celebración do centenario do pasamento de Eduardo Pondal. Co gallo desta efeméride, publicou a antoloxía Eduardo Pondal. Os cantos eran da Patria (120 poemas), a cargo de Manuel Ferreiro e concibida para achegar a calquera persoa interesada á obra do bardo bergantiñán. O profesor da UDC impartiu a semana pasada unha conferencia sobre o escritor noutro acto organizado polo Instituto José Cornide e a Academia.

O delegado da Xunta contra a campaña da Deputación en Fitur

O delegado territorial da Xunta de Galicia, José Manuel Balseiro, asegurou que o “incremento da demanda global” no sector turístico lucense alcanzou o 2,8% entre xaneiro e novembro de 2017, grazas en parte ao investimento realizado pola administración autonómica nesta materia, que ascendeu a 5,5 millóns de euros. Balseiro fixo estas declaracións durante a presentación das novas liñas de axuda que ofertará neste ano Turismo de Galicia, que suman en conxunto un investimento de cinco millóns de euros a través de oito programas de axuda diferentes, centrados en mellorar a imaxe dos aloxamentos, en colaborar cos pequenos operadores turísticos, en promover as festas de interese turístico e en axudar aos municipios e xeodestinos.

Precisou, en canto ao investimento realizado na provincia de Lugo, que unha parte importante deses 5,5 millóns de euros foron destinados á mellora e conservación das rutas xacobeas, un total de 2,8 millóns de euros, aínda que a Xunta tamén concedeu axudas importantes a través dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP) e dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), por un montante de 1,4 millóns. Destinou, ademais, axudas por importe de 100.000 euros ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e outros 80.000 á Mancomunidade de Municipios da Mariña.

Balseiro anunciou que convocará aos municipios implicados a unha reunión para ultimar a constitución dos dous xeodestinos que aínda quedan por formar na provincia de Lugo para cubrir “o 100 % do seu territo-

rio”. Son os da Montaña e o que agrupa á Lugo Comarca-A Ulloa-Terra Chá e Sarria. O delegado territorial lembrou que a participación dos concellos é voluntaria e lamentou que o Concello de Lugo xa se borrou deste proxecto.

Críticas á Deputación

Durante a súa intervención, retou ao goberno provincial a facer balance do que fixo a Deputación no último ano para promocionar o turismo e mellorar as condicións deste sector, porque opina que non aguantaría a comparación cos 5,5 millóns investidos pola administración autonómica. Balseiro fixo estas declaracións despois de que o presidente da Deputación, Darío Campos, afirmase que a institución provincial “non ten competencias” neste ámbito, pero asume a súa responsabilidade para cubrir as carencias na xes-



José Manuel Balseiro, delegado da Xunta en Lugo.

tión da Xunta de Galicia. “Non teñen competencias en nada”, dixo Balseiro, “salvo para axudar aos municipios de menos de 20.000 habitantes, que por certo son todos os de Lugo, fóra da capital”, pero con todo “manteñen unha xefatura de Turismo” na Deputación de Lugo. En canto ao balance do realizado pola Deputación en materia de turismo no último ano, Balseiro resumíuno en “unha mala xestión dos catamaráns”, nunha achega de “30.000 euros ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra” e na promoción de “algunhas festas”, aínda que esas axudas formaban parte do Plan

Único da institución provincial, de modo que foron os concellos os que decidiron o destino dos fondos. Dado que a campaña que presentou a Deputación en Fitur “Lugo Cambia”, Balseiro convidou o goberno provincial a explicarlles aos cidadáns que é o que cambiou no último ano. De feito, asegurou que en Fitur a Deputación só presentou, adicionalmente á oferta do pasado ano, “un vídeo novo”. “Ter a ousadía de dicir que a Deputación de Lugo fai algo polo turismo e a Xunta de Galicia non fai nada, é como dicir que quenta o sol cando está a cho-ver”, resolveu.

A Xunta inviste 800.000€ no mosteiro de Oseira

O presidente Alberto Núñez Feijóo, destacou as obras de conservación e rehabilitación do conxunto mosteiral de Oseira como un exemplo da aposta por valorizar o patrimonio cultural e monumental de Galicia e avanzar cara ao Xacobeo 2021.

Cun investimento total que rolda os 800.000 euros, Feijóo subliñou que as obras neste mosteiro de Santa María A Real de Oseira –que ten a declaración de BIC na categoría de monumento histórico–, teñen como obxectivo potenciar o atractivo cultural e turístico da comarca e, ao mesmo tempo, forman parte do programa que está a desenvolver a Xunta

para actuar en todos os bens de interese cultural que se atopan preto dos camiños de Santiago. Neste sentido, precisou que a actuación abarca a igrexa do mosteiro, a fachada principal exterior do claustro da hospedaría, parte da cuberta, intervencións nos claustros, na sancristía e na sala das Palmeiras, entre outros lugares. Non en van, a súa biblioteca, datada de 1766 conserva uns fondos bibliográficos de importancia excepcional, cuns 30.000 volumes de ampla temática.

“Estou convencido de que este proxecto será bo para esta zona, xa que suporá un pulo económico e cultural; e,

tamén, para o resto de Galicia, porque supón conservar a nosa cultura”, aseverou, destacando tamén que este mosteiro se atopa preto dunha das paisaxes máis fermosas de Galicia como é a Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio da Humanidade.

O presidente da Xunta subliñou que Galicia xa dispón de instrumentos para fomentar as boas prácticas patrimoniais, como a nova Lei do patrimonio cultural de Galicia, unha norma que combina a máxima protección do patrimonio coa axilidade e a simplificación dos trámites administrativos.

Bics no Camiño

Feijóo concluíu incidindo en que o Goberno galego seguirá mellorando as condicións dos bens de interese cultural asociados ao Camiño e, nesta liña, repasou algúns deles nos cales a Xunta está a actuar na



As obras afectan a varias dependencias monacais como á igrexa.

provincia de Ourense, como son: a catedral de Ourense; a rehabilitación completa do castelo de Monterrei; o mosteiro de Montederramo; o mosteiro de Melón, a finalización da Reitoral de Ribadavia, na que se instalará o Museo do Viño de Galicia, a rehabilitación dunha parte do mosteiro de San Clodio, do convento de San Francisco, así como varias actuacións na Ribeira Sacra.

“Estas actuacións complétanse con outras que se están a levar a cabo en toda a Comunidade, ademais das actuacións en todas as catedrais de Galicia”, recordou.

Así mesmo, resaltou que estes días a Comunidade galega presentou en Fitur unha proposta completa en paisaxes, ocio e a Comisión organizadora do Xacobeo 2021 xa está en marcha.

Premios para o VII Concurso Lucus Intercentros

Entregáronse os premios do VII Concurso Lucus Intercentros do IES Muralla Romana, unha xornada lúdica que forma parte da formación dos estudantes de Asistencia á Dirección na organización de eventos e actos públicos do centro lucense. Os estudantes da Escola de Imaxe e Son editarán un DVD co material gravado co fin de contribuír á difusión desta actividade.

A cita estivo organizada polos alumnos de Administración e Xestión do IES Muralla Romana, coa axuda da Escola de Imaxe e Son de Lugo (EIS), da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón e o departamento de



Acto de entrega de premios.

Informática do CIFP Politécnico de Lugo. Esta sétima edición do certame reuniu a alumnos e profesores dos institutos de Educación Secundaria públicos de Lugo: Anxel Fole, Lucus Augusti, Nosa Señora dos Ollos Grandes, Xoan Montes, Leiras Pulpeiro, San Xillao e Muralla

Romana. Disputáronse distintas probas eliminatorias ás que se enfrontaron os equipos participantes. Os alumnos sometéronse en cada unha delas a dez preguntas tipo test elaboradas por profesores das distintas áreas do instituto anfitrión.

Exposición de instrumentos de olería tradicional

A exposición itinerante “Olería tradicional: Sons do Barro”, estará aberta ata o 25 de febreiro na Capela de Santa María de Lugo. A mostra que conta con máis de 70 pezas artesanais en barro, aportadas pola asociación madrileña E. Adobe e por coleccionistas galegos como A. R. e Rosa Carballés, entre outras. No acto de inauguración participaron tamén o Comisario da Exposición, Ricardo Rodríguez, e membros de E. Adobe, que interpretaron tamén algúns dos instrumentos. O Comisario remarcou “o pracer que supón poder expoñer na Capela de Santa María, situada xunto ao CentrAD, que conta cunha mostra de instrumentos musicais que, a pesares de non ser de olería, teñen un valor pa-



Inauguración da mostra no mes de xaneiro.

trimonial, cultural e artístico incalculable, ao igual que as pezas desta exposición que hoxe inauguramos.”

A exposición é unha mostra de instrumentos sonoros de arxila, de distinta morfoloxía e procedencia que ofrecen ao espectador a oportunidade de descubrir como o ser hu-

mano veu empregando os sons ao longo da historia. Uns usos que serviron para exteriorizar sentimentos profundos en ritos, costumes e festas de lugares diferentes á Comunidade de Galicia, de onde figuran trompetas, galiñas, chifre ou pichetas, entre outros instrumentos.

O artista viveirense David Catá dona unha obra ao Museo provincial



Pilar García Porto recibiu a obra de David Catá.

O artista David Catá (Viveiro 1988) fixo doazón dunha das súas obras ao Museo provincial de Lugo. Trátase dunha fotografía que leva por título “Segunda pel 02”, realizada no ano 2011, que pertence á colección Ephmera, que esta exposta na mesma sala. Ademais durante este acto Catá avanzou un novo traballo de videoarte baixo o título “Sete petalos”, que pertence ao seu novo proxecto fotográfico “Horizontes”.

A deputada García Porto sinalou que “o proxecto de Catá abarca a pintura, a escultura, a fotografía e a videoperformance. Un traballo, ademais, internacional, pois a súa, xa percorreu os países de México, Nova York, Perú, Cuba, Portugal, Camboya e España”. Ademais lembrou “que a súa traxectoria conta cunha importante cantidade de premios a todos os niveis, rexionais e nacionais; incluso sendo seleccionado en festivais internacionais como o de Berlín e Nova York”. García Porto explicou que con esta proposta “o goberno da Deputación aposta pola promoción dos artistas novos e lucenses que están destacando no panorama creativo, mesmo

a nivel internacional”.

O catálogo deste exposición recolle a exposición que acolle desde novembro pasado a colección “Ephmera”. Nesta publicación, coordinada por Aurelia Balseiro, recolle o máis significativo das 80 pezas expostas no Museo Provincial, coas que o autor presenta a fugacidade da vida a través de fotografías persoais que recuperan instantes perdidos da súa memoria persoal. Este libro, que foi deseñado e maquetado polo propio autor, conta cunha tirada de cen exemplares firmada e numerada polo propio artista.

David Catá, artista multidisciplinar, xa que traballa con técnicas artísticas como a fotografía, escultura, aos oito anos comezou no Conservatorio de Música de Viveiro. Tras graduarse en 2010 na escola de Bellas Artes de Vigo, gañou o certame fotográfico da Deputación de Ourense. Con este premio comezou o Máster en fotografía de concepto e creación, na EFTI de Madrid. Dende entón, o artista reside en Viveiro, onde traballa na súa obra, a cal conta con multitude de galardóns e prestixio internacional.

A Xunta inviste 508.000 euros no proxecto expositivo do Museo do Viño en Ribadavia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a formalización do contrato de subministración, suxeita a regulación harmonizada, da fabricación e instalación do proxecto expositivo do Museo do Viño de Galicia, na reitoral de Santo André de Camporredondo, a cinco quilómetros de Ribadavia. O investimento destinado a este fin ascende a 508.007,25 euros, e súmase aos máis de 1,36 millóns de euros que destinados pola Xunta de Galicia para restaurar e acondicionar a reitoral.

O obxectivo é que este museo, que conta tamén coa implicación de outras institucións e entidades, sexa o encargado de recuperar, documentar, conservar e difundir o patrimonio cultural vitivinícola de Galicia, e que estea en funcionamento no ano 2019. A xestión será unificada e en rede en coordinación co Museo Etnolóxico de Ribadavia. A instalación do centro museístico neste espazo é posible grazas ao acordo acadado entre a Xunta de Galicia e a Diocese de Ourense para prolongar a cesión deste edificio ao Goberno au-

tonómico durante outros 25 anos máis; un trámite que se realizou baixo as máximas garantías administrativas e xurídicas.

Catro estacións

O percorrido expositivo iniciárase explicando cómo o viñado crea e modifica a paisaxe que o circunda, xerando urbanismo, vertebrando o territorio agrícola e provocando un desenvolvemento e organización social determinado. A continuación, abordaranse os tipos de chan e os traballos na viña nas catro estacións do ano.

Os viñedos de Galicia e as denominacións de orixe actuais terán tamén un espazo propio neste centro, en especial a zona do Ribeiro, na que se sitúa o propio museo. Asemade, ofrecerase unha aproximación á organización da produción vitícola dos mosteiros, así como da propia reitoral de Santo André. As últimas salas dedicaranse a amosar ás persoas visitantes o proceso de transporte da uva ata o lagar, o funcionamento do lagar desde o século IV a.C. ata a actualidade – proceso de prensado da uva, vinificación, prensas...- e mais obxectos rela-



O centro situarase na reitoral de Santo André de Camporredondo, Ribadavia.

cionados coa adega e cos oficios vinculados a ela – cubeiros, toneleiros...-. Todo o percorrido estará acompañado de paneis gráficos, elementos audiovisuais e mesmo virtuais que enriquezan o máximo posible a información que reciba o visitante.

Referente

O Museo do Viño de Galicia será un referente no ámbito da etno-antropoloxía e na historia do fenómeno cultural vitivinícola, un espazo único no que se reunirán as 5 Denominacións de Orixe galegas -Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei-, con especial atención a do Ribeiro. Para iso, o proxecto expositivo dá prioridade ao enfoque etno-histórico e antropológico dos seus contidos, pri-

vilexiando o tratamento do territorio e da sociedade das xeografías vitícolas, dos valores e do capital cultural. O obxectivo é transmitir un proceso histórico da cultura vitícola como elemento que ordena historicamente o territorio. Cómpre sinalar, neste sentido, que a propia reitoral foi no pasado priorado e adega dependente do mosteiro bieito de San Martiño Pinario.

O Museo do Viño de Galicia incorporará os fondos históricos e etnográficos e a colección do viño do Museo Etnolóxico de Ribadavia, que constitúen a súa colección fundacional. Ademais do contido, o inmovible, que forma parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, destaca pola súa relevancia e interese arquitectónico e histórico.

Medio Rural apoia un proxecto de produción de viño en Pantón

A Consellería do Medio Rural apoia un proxecto para mobilizar arredor de 300 hectáreas de terreo agrario no concello lugués de Pantón, coa finalidade de destinalo á produción de viñado. O director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois, reuniuse cos promotores desta iniciativa e destacou que para levala adiante poranse á súa disposición instrumentos normativos e de fomento da mobilidade como

os que ofrecen o banco de terras ou os procesos de reestruturación parcelaria.

Trátase de agrupar e concentrar o territorio agrario para, neste caso, posibilitar a posta en marcha dunha explotación vitivinícola nun municipio que, ademais, ten boa parte da súa superficie dentro da denominación de orixe Ribeira Sacra, un feito que lle confire un valor engadido ao proxecto. Pérez Dubois salientou que esta

iniciativa, capitaneada por adegas O Castro, coincide plenamente coa estratexia da consellería para loitar contra o abandono do rural e para promover a activación de terras a ermo con fins agrarios. Por iso, o director xeral comprometeu o respaldo da Xunta a través das ferramentas citadas, co fin de propiciar, no seu caso, a mediación entre propietarios e arrendatarios para poñer a disposición os predios necesarios.



Pérez Dubois cos promotores da iniciativa empresarial.

Así mesmo, Medio Rural amosou a súa vontade de prestar plena colaboración para asesorar tecnicamente aos promotores do proxecto naquilo

que precisen para levalo á práctica, tendo en conta os beneficios que reportará para o agro desde o punto de vista económico e social.

La Gula de Valle Inclán

Tapería La Gula acaba de abrir novo local na rúa Ramón María del Valle Inclán, 18, de Ourense. Ademais dos seus mini burgers, outra das especialidades son o tataki de atún e combinado de sobremesas caseiras que os seus clientes degustan para finalizar unha boa comida ou cea. Ofrece prato diario de luns a sábado e pratos especiais ou suxestións do día para venres e sábado.

En petiscos e tapas: ensalada tépeda, ensalada completa, fingers de pito, patacas alioli e bravas, fornecido de croquetas, ovos rotos, cazola de cogomelos, gulas e bambas, queixo frito, pementos de Padrón, quesadillas, raxo, croca de vaca, porco Ibérico, picaña de vaca, atún á plancha, luras fritas, mexillóns frescos, lagostinos torpedo, ortiguillas de mar e pescaditos fritos.



Novas da Raia

Apresentação de produtos “Namorar Portugal” no Palácio da Brejoeira

15 de fevereiro, quinta-feira, pelas 15h00. Serras Brandas, empresa do monçanense Filipe Temporão, apresenta chá de tília produzido no Palácio da Brejoeira

Romance Palaciano” é uma ação que integra a programação “Fevereiro, Mês do Romance”, promovida pelo Município de Vila Verde, e que representa a consagração de uma harmoniosa união de dois símbolos da cultura nacional: o Palácio da Brejoeira, património de elevado valor arquitectónico, e os Lenços de Namorados, encantadores com as suas mensagens de amor.

Neste local de referência monumental e histórica, partindo à redescoberta de saberes e tra-

dições, será apresentada, no próximo dia 15 de fevereiro, quinta-feira, pelas 15h00, a coleção “Namorar Portugal” e dois novos produtos que alargam e enriquecem o leque de artigos disponíveis.

A saber: “Pão-de-Ló Água na Boca” - Pastelaria da Vila (pastelaria vilaverdense com bastante tradição ao nível da doçaria) e “Chá de Tília Palácio da Brejoeira” - Serras Brandas (chá produzido no Palácio da Brejoeira que resulta de uma parceria com Serras Brandas, empresa do monçanense

Filipe Temporão, que produz e comercializa chá de diferentes sabores).

De referir que a coleção “Namorar Portugal” compreende um conjunto de produtos desde o setor têxtil, à decoração, artesanato, merchandising, acessórios de moda e agro-alimentar. Estes produtos estarão patentes no Palácio da Brejoeira, até o dia 26 de fevereiro.

Sendo 2018 o Ano Europeu do Património Cultural, importa referir que esta iniciativa, apoiada pelo Município de Monção e acolhida pelo Administrador do Palácio da Brejoeira, Emílio Magalhães, será apadrinhada pelo Eurodeputado José Manuel Fernandes, o qual marcará presença nesta data.



Primeira exposição dos ‘Novos Artistas’ da Bienal de Cerveira

Uma viagem pelo universo náutico através da arte é a proposta que a artista brasileira Polliana Dalla Barba apresenta ao público na Galeria do Fórum Cultural de Cerveira do 3 de fevereiro a 31 de março. Trata-se da exposição “Serendipidade” que resulta do concurso “Novos Artistas 2018”, promovido pela Fundação Bienal de Arte de Cerveira.

“Serendipidade” é resultado de uma viagem realizada por mar entre os meses de março e abril de 2016, onde Polliana Dalla Barba cruzou o oceano Atlântico, o mar Adriático e o Mediterrâneo até chegar a Israel. “Durante o trajeto foram utilizados diferentes tipos de embarcações e meios de transportes, assumindo os

improváveis desvios e enfrentando diversos contratempos”, explica a jovem artista.

Polliana Dalla Barba (1988) é licenciada em Artes Plásticas pela Universidade Federal do Espírito Santo (BR) e mestrande em Artes Plásticas da Universidade do Porto (PT).





PONTE DE LIMA

10 e 11 DE MARÇO



X FEIRA DE CAÇA, PESCA E LAZER

9 a 11 março'18

PAVILHÃO DE FEIRAS E EXPOSIÇÕES EXPOLIMA



www.visitpontedelima.pt
[/visitpontedelima](https://www.facebook.com/visitpontedelima)
[/municipiopontedelima](https://www.instagram.com/municipiopontedelima)



GPS Expolima 8°34'57.834"W | 41°46'19.067"N

O Entroido, a festa máis tradicional de Salceda

A Casa da Cultura Castelao acolheu a presentación da programación de Entroido no Concello de Salceda de Caselas. O Alcalde Marcos Besada e a Concelleira de Cultura Tere Pérez estiveron acompañadas por representantes dos barrios de A Feira e Castro Barreiro.

Tere Pérez fixo un percorrido polos actos previstos que se extenderán dende o venres 9 ata o martes 13 de febreiro,

con citas para tódolos públicos para tódolos gustos. Presentou o Entroido como a festa máis antiga de Salceda, con constancia documental da súa existencia cando menos dende o ano 1888, ano en que un veciño da Feira lle pedía aos seus familiares emigrados no Brasil ideas e diñeiro para afrontar o entroido. A Concelleira lembra tamén que o Concello habilitará de novo unha zona reservada para persoas

en cadeira de rodas no entorno da Praza do Concello, para que tamén elas teñan a posibilidade de presenciar os desfiles do mellor xeito posible.

Marcos Besada salientou o esforzo que fai o Concello en divulgar a festa do Entroido, agradecendo o enorme traballo levado a cabo polos veciños e veciñas de A Feira e Castro Barreiro, nunha festa que leva o nome de Salceda polo País adiante.



A programación comezará o venres día 9, que será o turno dos centros escolares do municipio. Así, cóntase coa participación das Escolas Infantiles A Galiña Azul e Xoaniña, o CRA Raíña Aragonta, o CEP Altamira e o IES Pedras Rubias, que como cada ano amosarán o seu enorme traballo e creatividade en máis de 1300 nenos e nenas de idades entre os 0 e os 18 anos. Esta estase a converter nunha cita multitudinaria en Salceda, que ano tras ano ve as súas rúas ategadas de xente para presenciar este variado desfile.

O domingo, día grande a nivel municipal, terá lugar o XX Desfile de Carrozas e Comparsas, de novo con máis de 1300 participantes repartidos en 11 agrupacións chegadas de Salceda, O Porriño, Tui, Vigo e Gondomar. As comparsas recibirán pola súa participación axudas que van dende os 200 ata os 700 €, en función do número de compoñentes de cada agrupación. Ademais de participar no desfile, as agrupacións subiranse tamén ao escenario para recitar as súas coplas, que seguro tratarán dos temas de máis rabiosa actualidade. Ademais da compensación económica, as agrupacións loitan por conseguir ata un máximo de doce xamóns como premio a outras tantas categorías, valoradas por un xurado formado por un representante de cada unha das

comparsas. A Concellaría de Cultura afronta esta cita como unha das máis importantes do ano, xa que nos últimos anos ten congregado a milleiros de persoas presenciando o espectacular desfile. As diferentes agrupacións traballan arreo para ter todo listo para a cita, que sen dúbida volverá marcar páxina na historia do entroido da comarca.

O luns e o martes, o Concello cede o turno para o Entroido máis tradicional do municipio, o que ven enfrontando dende hai máis dun século aos barrios de A Feira e Castro Barreiro. Estes dous barrios traballan arreo dende hai meses, no máis absoluto segredo, para que non transcenda ningunha información ao barrio rival. Para iso, como confirmaron hoxe os representantes dos dous barrios, están implicados practicamente tódolos veciños do barrio, que dun ou doutro xeito colaboran coa súa festa máis arraigada. Lembramos que Castro Barreiro e A Feira son dous barrios pertencentes á parroquia de Santa María, separados entre si polo regato da Ameixoa, que fai as funcións de fronteira máis que nunca nestas datas. Castro Barreiro e A Feira competirán un ano máis por ter a mellor carroza, a mellor comparsa, o mellor son, a mellor verbena... e é que entre estes dous barrios todo, ata o máis mínimo detalle se converte en competencia.

Salceda de Caselas
ENTROIDO
2018

Venres 9 de Febreiro
 ÁS 11:00 H. DESFILE DOS CENTROS ESCOLARES POLAS RÚAS DA ESFARRAPADA.
(A. GALIÑA AZUL / E. XOANIÑA / C.R.A. RAÍÑA ARAGONTA / CEP ALTAMIRA / I.E.S. PEDRAS RUBIAS)
 ÁS 20:30 H. GRUPO DE BATUCADA "ES ESPANTARRATOS" DA FEIRA POLAS RÚAS DA ESFARRAPADA.

Sábado 10 de Febreiro
 ÁS 16:30 H. FESTA INFANTIL DE DISFRACES NO PARQUE RAÍÑA ARAGONTA (EN CASO DE CHOIVA NA BEVESA).
 ÁS 18:30 H. "O COLINO BAILONGO" NO PARQUE RAÍÑA ARAGONTA (EN CASO DE CHOIVA NA BEVESA).
 ÁS 19:00 H. CONCERTO DA BANDA CULTURAL DE SALCEDA NO AUDITORIO MUNICIPAL.

Domingo 11 de Febreiro
 ÁS 12:30 H. PRESENTACIÓN DO RANCHO DE ENTROIDO DA FEIRA ACOMPAÑADO POLOS HISTÓRICOS CABAIEIROS. NA PRAZA DO CONCELLO PARA REALIZAR AS SUAS TRADICIONAIS DANZAS MÁIS DE 50 ANOS DESPOIS DA SÚA DESAPARICIÓN.
 ÁS 13:30 H. CELEBRACIÓN DA "BORRALLADA DOS MAMARRACHOS" NO PARQUE RAÍÑA ARAGONTA REMEMORANDO AS BORRALLADAS DOS NÓSOS ANCESTROS.
 ÁS 16:30 H. XX DESFILE DE CARROZAS E COMPARSAS POLAS RÚAS DA ESFARRAPADA.
 ÁS 18:00 H. I CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO NA PRAZA DO CONCELLO.
 ÁS 20:30 H. VERBENA CO "GRUPO FAMA" NA PRAZA DO CONCELLO.

Luns 12 de Febreiro
 POLA NOITE, VÍVE A VERBENA DE ENTROIDO MÁIS TRADICIONAL NOS RECINTOS DE A FEIRA E CASTRO BARREIRO.

Martes 13 de Febreiro
 ÁS 17:00 H. PRESENTACIÓN DAS CENTENARIAS CARROZAS E COMPARSAS DE CASTRO BARREIRO E A FEIRA NAS RÚAS DA VILA.
 ÁS 19:00 H. NOVO ENFRONTAMENTO NO CRUCEIRO DE FONTEDAPEIRA. POLA NOITE, VERBENA EN ÁMBOS DÓS BARRIOS.

 *Sentir o Entroido*

Galicia

Por Moncho Mariño

Thais Pousada, docente universitaria

“Na investigación non se inviste cunha visión a longo prazo”

-Ti es diplomada en terapia ocupacional, pero que é a terapia ocupacional se llo tiveses que explicar a alguén que nunca oíra falar desta área?

O terapeuta ocupacional é un profesional, entre o sanitario e o social. Traballa coa persoa e a súa familia para apoiala a diminuír ou eliminar certas dificultades que ten no día a día. O obxectivo principal é promover ou facilitar a autonomía persoal e a participación nas actividades cotiás daqueles que, por motivos de doenzas, enfermidades, situacións sociais ou factores complexos, teñen algunha dificultade para implicarse nas ocupacións que elixiron. Para iso empregamos diferentes recursos, técnicas especializadas, asesoramento en produtos de apoio ou abordaxes comunitarias. Ten un amplo rango de actuación nos ámbitos da infancia, discapacidade física, saúde mental, sociocomunitario e xeriatria, que é un dos campos que máis demanda ós terapeutas ocupacionais en Galicia.

-Fuches elixida finalista como mellor docente na categoría Universidade dentro de España, no premio Educa de Abanca. Que puntos non aplicaches na túa experiencia docente que ti tiveras que pasar como estudante?

Cando eu estudaba o que me xeraba máis tensión era a necesidade de asistencia, si ou si, e a imposibilidade de faltar as prácticas. Quizais era eu quen mo tomaba moi a peito e pensara que se me poñía enferma, non podía ir ás clases ou prácticas e por iso suspendería. O caso é que ese



Thais Pousada (Ponteareas, 1985) foi finalista como mellor docente universitaria no premio Educa de Abanca. O seu terreo de traballo é a terapia ocupacional, unha disciplina relativamente nova dentro do ámbito de atención sociosanitaria. O seu labor docente na Universidade da Coruña implica novas técnicas de ensino ademais de facerlle fronte aos escasos investimentos en investigación. Falamos con ela para tratar estes dous puntos e outros como saber que é a terapia ocupacional, ademais de proxectos futuros.

estrés mo fixo pasar mal e non quero que os meus estudantes teñan a mesma sensación. Por iso, dentro da responsabilidade que lles esixo, son algo flexible cando alguén ten motivos importantes indole persoal que lle compliquen a asistencia e facilito o posible a recuperación. Outro punto que non comparto é ter que memorizar un lote de contidos para gravalos nun exame escrito e esquecelos unha semana despois. Un profesional, especialmente nas disciplinas sociosanitarias, ten que comprender o problema e razoar as intervencións.

-Actualmente es profesora na Universidade da Coruña, como é unha clase de Thais Pousada?

En xeral, gústame “provocar”

reaccións, tento facer preguntas para que poidan expresar as súas opinións e establecer un debate crítico. No grao en terapia ocupacional, as materias seguindo a liña de Bolonia temos “clases maxistras”, que se poden facer máis dinámicas con vídeos, debates e mesmo enquisas con móbiles. Cos grupos pequenos se traballa en laboratorios, onde vemos a parte máis práctica da materia. Estas clases dan moito máis xogo para propoñer situacións que se atoparán como profesionais.

-Desde logo que fincar os cóbados é necesario, pero facendo un exercicio de imaxinación, como podería unha persoa aprender unha rama científica sen ter que estar constantemente aplicándose

sobre apuntes e libros, e internet claro?

Estar en contacto directo coa sociedade. Só así se aprende dos problemas reais. Hoxe en día temos acceso a cantidades inxentes de información e hai que filtralas. Os estudantes teñen que aprender a ler criticamente, observar o que lles rodea, ser persoas activas e participativas e adquirir a responsabilidade das súas accións. Para iso se supón que está a Universidade, formar e acompañar na súa aprendizaxe ós futuros profesionais.

-Como ves a investigación científica en España e en Galicia en concreto? Segue valendo o argumento da crise económica para non enviar fondos?

O investimento en educación

e investigación no noso país é un caso de vergoña. Non serven escusas de crise se non se inviste cunha perspectiva a longo prazo. Os xoves titulados, cun grande potencial, marchan porque aquí non se garante a súa estabilidade. Na investigación os contratos son máis ca precarios, moitas veces disfrazados en forma de “bolsas” ou contratos en prácticas, de seis en seis meses. A crise existe para algúns e o diñeiro parece que escapa das mans dos gobernantes. Os proxectos de investigación se manteñen con convocatorias públicas competitivas. Cada vez hai máis grupos bos na nosa comunidade, pero o diñeiro a repartir segue sendo o mesmo ou peor.

-En concreto na área de investigación que ti aplicas, onde estarían as maiores necesidades hoxe en día?

O grupo de investigación ó que pertenzo, RNASA-IMEDIR da UDC, ten diferentes liñas de investigación co vínculo común das novas tecnoloxías. Eu traballo no ámbito das tecnoloxías e produtos de apoio para a participación das persoas con discapacidade en actividades cotiás. Neste ámbito precisamos recursos económicos para a compra de materiais tecnolóxicos e específicos. Pero o maior gasto está destinado á contratación do persoal. A poboación coa que traballamos segue tendo carencias en dispositivos tecnolóxicos que lle permitan ser independentes e mellorar a monitorización das persoas maiores. Todos os recursos que vimos xerando no noso grupo son de uso gratuíto, é a devolución da universidade á sociedade.

continúa na páxina seguinte...

Certame de recolla das imaxes do Patrimonio Cultural Inmaterial galego-portugués

A asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! convoca o Certame de recolla de imaxes do Patrimonio Cultural Inmaterial Galego-Portugués. Pretende, con esta iniciativa, que se recuperen e difundan fotografías antigas con valor patrimonial para que poidan ser usadas no ámbito escolar e seren coñecidas polo público en xeral. Para esta actividade será imprescindible a colaboración das familias do alumnado, así como, do profesorado dos centros educativos.

No certame poderá participar o alumnado dos centros educativos de Galicia e Norte de Portugal. Establécense dúas categorías, alumnos de Ed.Primaria/ate sexto ano en Portugal e Ed.Secundaria/a partir de sexto ano.

Cada alumno pode participar con unha ou varias fotografías, tomadas en datas anteriores a 1970, que serán enviadas á asociación a través do centro educativo no que estude. As fotografías conterán imaxes de calquera aspecto

relacionado co Patrimonio Cultural Inmaterial (oralidade, saberes tradicionais, ciclo festivo anual, cultura agromarítima, etc.) e presentaranse dixitalizadas, coa maior resolución posible, nun dos formatos: jpg, mpeg, bmp.

Os participantes só poderán achegar fotografías que sexan propia da súa familia sendo motivo de exclusión do certame a aportación de imaxes de fora dese ámbito.

Cada imaxe acompañarase dun texto libre que terá unha extensión máxima de 150 palabras na 1ª categoría e de 250 na 2ª. Poderá mandarse en formato Word, OpenOffice ou PDF. O texto libre, ademais, poderá ofrecer os seguintes datos da fotografía: onde está tomada, quen aparecen nela, data aproximada na que foi feita e a relación desa imaxe co Patrimonio Cultural.

As fotografías subiranse a

www.escolasnasondas.com.

Fora de concurso poderán participar, enviando fotografías, persoas e entidades que non pertencen aos centros educativos. O xurado valorará as súas aportacións podendo facer mención daquelas imaxes que, ao seu xuízo, sexan salientables

Os premios serán ordenadores, tablets ou unha cámara de fotos reflex.

O prazo de presentación das fotografías comezará o día 22 de xaneiro de 2018 e rematará o 30 de abril de 2018. Os gañadores e gañadoras faranse públicos a finais do mes de maio de 2018, na web e a Asociación porase en contacto con eles.



Día Mundial da Radio de Ponte...nas ondas!

Ponte...nas ondas! súmase ás celebracións que propón a UNESCO para o 13 de febreiro e convida ás escolas da Eurorrexión a realizar podcasts arredor da temática desta edición, a radio e o deporte. Os traballos das escolas serán publicados no portal audiovisual "ESCOLAS NAS ONDAS" (www.escolasnasondas.com) inaugurado na pasada edición polo reitor da Universidade de Vigo.

Ademais, ao coincidir o 13 de febreiro co En-

troido, Ponte...nas ondas! realizará unha emisión especial en directo o día 21 de febreiro desde o IES de Bremao en Pontedeume e a Radio Afifense en Caminha.

Encontro de xogos tradicionais

Ponte nas Ondas organiza ademais, un encontro aberto ás escolas galegas e portuguesas que se celebrará no concello de Melgaço no mes de maio e que ten como finalidade a transmisión do patrimonio lúdico ás novas xeracións.



...ven da páxina anterior

-Desde a túa perspectiva como investigadora, o alongamento da expectativa de vida está influíndo no aumento das doenzas dexenerativas relacionadas coa idade?

Hoxe en día vivimos máis e con mellor calidade. Eses anos a maiores condicionan a aparición dun maior número de doenzas que antes non eran tan frecuentes. Tamén os avances acadados nos procesos diagnósticos permiten detectar enfermidades moito máis facilmente. O Alzheimer, Parkinson ou Esclerose son palabras moi temidas asociadas á idade, pero o avellentamento non é o único responsable.

-Volvemos coa terapia ocu-

pacional. Existen reticencias, oposición ou abandono neste terreo por parte tanto das administracións que poderían apoiála como do público ao que se dirixe?

Quizais o abandono non sexa tanto polas reticencias ou escaso recoñecemento da profesión, senón polo seu eterno descoñecemento. Un usuario de terapia ocupacional nunca esquecerá este polo moito que o seu traballo contribuíu coa súa calidade de vida.

Pero o abandono existe, non hai máis que ver o número de prazas convocadas para oposicións públicas, ou que aínda non exista a figura do terapeuta ocupacional no sistema edu-

cativo galego, ou nas unidades de neonatoloxía e un longo etc. A nosa é unha profesión nova, cuestiónase moito a nosa potencialidade e funcións antes de coñecer o que podemos conseguir. Se converteramos o abandono en oportunidades de traballar, o aforro de recursos na administración pública sería unha realidade.

-Actualmente cales son os novos proxectos que che gustaría abordar e como poderías facelo?

Nestes momentos estou argallando un proxecto sobre como se pode aplicar o baixo custo, ou o Do-it-Yourself, ó deseño e elaboración de produtos de apoio para facilitar as tarefas da vida



diaria. É dicir, poder crear produtos totalmente personalizados e adaptados ás necesidades de cada persoa. Teño a colaboración doutras compañeiras que están en contacto diario coa poboación. Como ves, para aplicar o baixo custo tampouco se nece-

sita moito, pero si medios humanos. Tampouco se precisa convocatorias públicas de grandes millonadas, senón un apoio ou colaboración dunha institución que aporte o suficiente para contratar a dúas ou tres persoas.

Novas da Raia

Redacción

Preséntase na Feira Internacional de Turismo de Madrid o xeodestino “Terras do Condado-A Paradanta”



Os Concellos de Ponteareas, Arbo e A Cañiza, representaron en FITUR aos dez concellos do xeodestino

O stand oficial de Turismo de Galicia acoñeceu a presentación do xeodestino turístico “Terras do Condado-A Paradanta” no marco da Feira Internacional de Turismo que se celebrou ata o domingo 21 en Madrid.

O Alcalde de Ponteareas e a Concelleira de Turismo, Hortensia Bautista, acompañados dos alcaldes de Arbo, Horacio Gil, e o da Cañiza, Miguel Domínguez presentaron o xeodestino turístico que promocionará as riquezas das dúas comarcas.

Os tres alcaldes representaron aos dez concellos que conforman o xeodestino neste evento turístico de alcance mundial. O xeodestino “Terras do Condado-A Paradanta” nace coa intención de sumar esforzos e ofrecer ao turista un paquete completo que lle permita prolongar a súa estancia na zona durante os días que

o desexe porque a oferta patrimonial, histórica e natural é ampla e rica.

Á presentación achegáronse empresarios do sector turístico, axencias de viaxes, xestores de destinos turísticos e medios de comunicación.

Nas súas intervencións, os alcaldes puxeron de manifesto o alto potencial turístico e a singularidade deste territorio simbolizado pola auga, a dos seus ríos e as termas e polos viños do Condado. As autoridades locais ratificaron tamén a importante oportunidade de desenvolvemento económico que se presenta entre o sector empresarial e os distintos profesionais desta atractiva zona do sur da provincia de Pontevedra.

Así, no 2017 asinou un convenio con Turismo de Galicia que permitiu elaborar diverso material promocional presente no stand de Galicia en Fitur:

unha web oficial do territorio e poñer en marcha novos produtos de turismo enolóxico nos que participan unha ducia de adegas. Para este ano 2018 xa se traballa para a elaboración dun plan estratéxico de turismo, de vital importancia para seguir o camiño axeitado, e continuarase cunha importante batería de iniciativas en colaboración co sector empresarial.

Na presentación fixeron un rapaso das principais festividades de interese turístico que teñen lugar ao longo do ano e nas que destacan o Corpus de Ponteareas, a lamprea de Arbo, o Requeixo e o Mel nas Neves ou a do Xamón da Cañiza, entre outras como a romaría da Franqueira.

A presentación, á que asistiu a directora xeral de Turismo de Galicia, Nava Castro, tamén acudiron un importante número de profesionais do turismo. O vídeo promocional “Terras do Condado-A Paradanta” pechou o acto captando a atención dos asistentes.

Chus Garrote, nova Secretaria Xeral do PSdG-PSOE de Ponteareas por unanimidade

Chus Garrote toma o relevo de Delfín Domínguez como Secretario Xeral, a quen tanto ela como o resto de militantes non perderon a oportunidade para agradecerlle todo o traballo realizado durante os últimos 5 anos de liderado, con quen a tenente de alcalde comezou a súa andaina política tendo a ocasión de herdar os froitos da experiencia deste compañeiro co que deu os primeiros pasos e co que traballou ata hoxe.

Con todos os votos a favor, a socialista ponteareá, Chus Garrote, primeira tenente de Alcalde do Concello de Ponteareas e concelleira de Urbanismo, Vías e Obras e Alumeado, ven de ser elixida nova secretaria xeral do PSdG-PSOE de Ponteareas. Na asemblea ordinaria celebrada este venres, os socialistas de Ponteareas non dubidaron das capacidades da actual Tenente de Alcalde e votaron de xeito unánime a súa candidatura, que estará formada por Vanesa Fernández como Vicesecretaria xeral; Gustavo Carrera, como Secretario de Organización; Francisco Candeira como Secretario de Política Municipal; Inés Vidal como Secretaria de Igualdade; Diego Mo, como Secretario de Comunicación; Maripaz Boente, como Secretaria de Administración e Alfonso Prego como Secretario de Acción Electoral. O Comité Provincial quedou tamén liderado por Chus Garrote, Gustavo Carrera, Manolo Pérez, José Manuel Sebastián e Maripaz Boente,



mentres que Vanesa Fernández e Alfonso Porto lideran o Comité Nacional.


Máis de quince anos de traballo nas filas socialistas e a ilusión e a seguridade de que en Ponteareas o partido socialista ten moito por facer. “Liderar un equipo de xente ilusionada e vital é un dos atractivos do meu novo cargo, que afronto nesta carreira para as próximas eleccións e síntome arroupada polos militantes”, afirma Chus Garrote ó igual que “os obxectivos da nova executiva son: aumentar e fortalecer o número de militantes, trasladar á cidadanía todo o traballo que dende o Concello se está a realizar, ademais de reforzar a confianza dos cidadáns no Partido Socialista, para aumentar o número de Concelleiros e chegar a conseguir a Alcaldía nas próximas eleccións municipais.

Os fins do Partido Socialista Pontareá son mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facer de Ponteareas unha cidade sostible, para convivir e disfrutar do noso patrimonio (a música, o Corpus, o entorno do río...)

Ter en conta a demanda dos cidadáns en canto ó aumento dos aparcamentos e a mellora da iluminación, son dúas das prioridades que temos presentes nesta lexislatura.

Redacción

O cineclub Poleiro cumpre 20 anos cun novo ciclo e un bono de 5 euros



Comezará o vindeiro 1 de febreiro coa proxección da comedia dramática 'Ciudadano ilustre', de Gastón Duprat e Mariano Cohn

O cineclub Poleiro está de aniversario e quere celebrar por todo o alto os seus 20 anos de vida: cun novo ciclo de cine e cun bono participativo de tan só 5 euros para desfrutar dos catro filmes que se proxectarán entre febreiro e maio.

O abono poderá retirarse no auditorio de Goián momentos antes da proxección dos filmes ou poñéndose en contacto directamente co cineclub.

A literatura como eixo central

Con este ciclo, o cineclub pretende facerlle unha chiscadela ao mundo da literatura con obras narrativas na que os seus protagonistas están ligados dun xeito ou outro ao mundo das letras.

O ciclo arrancará o vindeiro 1 de febreiro (21.30 horas no auditorio de Goián) coa proxección do filme 'Ciudadano

ilustre', unha comedia dramática dirixida por Gastón Duprat e Mariano Cohn que lle valeu a Copa Volpi ao mellor actor ao seu protagonista, Óscar Martínez. A película conta a historia de Daniel Mantovani, un escritor arxentino que vive en Europa dende hai máis de tres décadas e consagrado mundialmente tras gañar o premio Nobel de literatura que regresa ao pequeno pobo no que naceu, Salas, onde lle van a conceder a medalla de Cidadán Ilustre.

Próximas proxeccións

O xoves 1 de marzo o cineclub Poleiro continúa o ciclo coa proxección do drama biográfico da poetisa estadounidense Emily Dickinson, 'Historia dunha paixón', un dos traballos máis intensos do director Terence Davis.

O xoves 5 de abril será a

quenda de 'Cartas da guerra', un drama do director portugués Ivo Ferreira. O filme está baseado na obra homónima de Antonio Lobo Antunes, nas que detalla as cartas que un novo soldado enviaba á súa muller durante os dous anos que estivo en Angola traballando de alférez médico mentres sucedía a Guerra Colonial lusa e nas que se reflicten a dureza vivida polos portugueses neste conflito. Foi nomeada ao León de Ouro na categoría de Mellor Película.

O ciclo rematará o xoves 3 de maio coa proxección do filme 'Paterson', unha película dramática escrita e dirixida por Jim Jarmusch e producida entre Estados Unidos, Francia e Bélxica. A cinta conta sete días na vida dun condutor de autobús e poeta afeccionado, cunha vida simple e rutineira, e da súa moza, Laura, cunha vida sempre cambiante, con novos proxectos e soños.

Convocado o Concurso de Carteis do Corpus de Ponteareas 2018

O concello de Ponteareas convoca o concurso de deseño de carteis co obxecto de elixir e adquirir o cartel oficial da Festa do Corpus.

Isabel Núñez Montero foi a gañadora da anterior edición co cartel "Coas súas mans".

O concurso aberto remata o día 20 de febreiro e nel poderá participar calquera persoa física, individual ou en equipo, maiores de 18 anos, cun máximo dunha obra de creación propia, orixinal e inédita de técnica libre.

Todos os carteis deberán estar relacionados coa festividade do Corpus Christi e as Alfombras de Flores que se realizan con motivo desta

festividade, e a temática estará relacionada coa xente, materiais, trazados, deseños, etc. relacionados coa festividade e con Ponteareas.

O xurado emitirá o seu fallo no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo de presentación de traballos que se fará público na web www.concellodeponteareas.gal e nos medios de comunicación e difusión.

O concurso dotarase dun único premio de seiscentos euros impostos incluídos.

Puntuaranse o mellor deseño gráfico, a calidade artística, o impacto visual, a creatividade, a calidade técnica e a orixinalidade, entre outros aspectos.

Tony Lomba pregoeiro do Entroido de O Porriño

O cantante, 'crooner' e showman Tony Lomba será o encargado de dar o pregón do Entroido do Porriño o vindeiro sábado, día 10 de febreiro, á 1 da tarde na Praza do Arquitecto Antonio Palacios.

Lomba, coñecido por ter sido integrante de grupos como 'Unión Penosa', 'Los 3 Sudamaricones' e 'Tony Lomba & Elio dos Santos', entre outros, domina coma poucos a música, de Raphael a Nino Bravo, de Marvin Gaye a Vicente Fernández ou de Rod Stewart á música lixeira italiana, unha autoridade á que suma a enerxía e a pegada que transmiten as súas actuacións en directo.

O 'alter ego' de Germán Fandiño, sinala que "é un grato pracer" de ser o pregoeiro do Entroido deste ano,

"sobre todo porque teño unha ligazón moi especial con Cans, onde teño unha familia adoptiva á que síntome moi vencellado...e que fai que poida dicir que síntome un fillo 'puta-tivo' do Porriño, escrito así: co guiño no medio".

Confesa que o pregón non será algo corrente, "fareino excéntrico e cantando algunha canción de 'Paquita la del Barrio', coma 'Rata de dos patas'... coma resposta ás agresións de xénero...amosando que hai mulleres moi fortes que poden enfrontarse a individuos destes e que espero que o día de mañá sexan todas...e tamén buscarei un xeito de cantar outra centrándome no Porriño...o que non vou facer, porque si algo sé é de cantar, é soltar un 'megamónólogo' porque eu son un pouco máis histriónico".

III Concurso "O ollo de vidro" no Porriño



As entidades organizadoras do proxecto "Recomendoche un libro", entre as que figura o Festival de Cans e a Biblioteca Municipal do Porriño, coma colaboradora, convocan o III concurso "O Ollo de Vidro" para premiar os traballos audiovisuais máis valorados de entre os participantes nese proxecto.

Poderán participar no concurso, cuxas bases poden consultarse na páxina biblioteca-

porriño.com, todas aquelas persoas e colectivos que o desexen enviando un vídeo ao enderezo de correo electrónico: recomendocheunlibro@gmail.com.

Os traballos audiovisuais, que poderán tratar sobre calquera libro ou tema e non poderán superar os 3 minutos de duración, terán que estar en galego, e poden abranger críticas literarias, booktrailers, booktube ou calquera tipo de proxecto audiovisual dirixido á animación lectora.

Miscelanea

Redacción

Sial Pigmalión presenta en Madrid “Costa da Morte: territorio literario”

Coordinada e revisada pola escritora Branca Vilela, recolle poemas, relatos, fotografías e ilustracións de 42 autores galegos, inspirados nesta zona de Galicia

O Grupo Editorial Sial Pigmalión presentou na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia a obra “Costa da Morte: territorio literario” que, coordinada e revisada pola escritora Branca Vilela, e escrita en galego e castelán, recolle poemas, relatos, fotografías e ilustracións de 42 autores galegos, inspirados nesta zona de Galicia. Na presentación participaron o editor, Basilio Rodríguez Cañada, a escritora fisterrá e coordinadora da antoloxía Branca Vilela, os escritores antologados Vicente Araguas, Xoanxo Cespón e José Manuel Otero Lastres, que non puido asistir no último momento pero enviou a súa intervención, e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez.



Os autores Cespón, Vilela e Araguas, o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, e o editor Basilio Rodríguez Cañada.

Jiménez apreciou que no libro presentado nótase “a man exquisita” de Branca Vilela, “pois a edición resultou dunha beleza pouco común neste tipo de antoloxías”. “Sen dúbida contribuíron a iso as achegas das imaxes dos ilustra-

dores, pintores e fotógrafos participantes, que a enriquecen coa súa calidade, a súa sabia distribución ao longo do libro e a pincelada en ocasións da cor”, valorou.

Rodríguez Cañada explicou que con esta obra Sial Pigmalión dá continuidade a “unha colección de publicacións [“Territorios literarios”] que percorrerán algúns das paraxes máis suxestivas da xeografía e a literatura iberoamericana, unha viaxe no tempo e no espazo do que darán conta reputados artistas e creadores”, “un exercicio de creación compartida, co único afán de ‘literaturizar’ a historia, de personificar mitos ou de recrear a imaxe mercantilizada destas poboacións”. Os autores que participan na obra son: Juanma Abelleira Ronquete, Marilar Aleixandre, Vicente Araguas, Suso Bahamonde, Concha Blanco, Rocío Blanco Formoso, Fernando Cabeza Pereira, Fernando Cabeza Quiles, María Canosa, Xoanxo Cespón, Estevo Creus, Sandra Díaz, Rosalía Fernández Rial, Mighel FK, Modesto Fraga, Serxio Igrexas, María Lado, Luis Lamela, Rocío Leira, Natalia Lema, Rafael Lema, Xosé María Lema, Juan Louro Cambeiro, Miguel Mato, Jorge Mira, Rosa Méndez, Alexandre Nerium, José Manuel Otero Lastres, Anxo Pérez, X. H. Rivadulla Corcón, Viki Rivadulla, Manuel Rivas, Olaia Sendón, Nolo Suárez, Pedro Tassende, Roberto Traba Velay, Xulio Valcárcel, Diana Varela Puñal, Miguel Vázquez Freire, Branca Vilela, Miro Villar e Yano Yoro. De todos eles hai unha pequena biografía ao final da obra.

Crean o Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil

O Concello de Pontevedra e Urco Editora convocan o I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. O galardón pretende honrar a figura da escritora que será homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018 e promover unha creación de calidade literaria para o público xuvenil, ao que a autora dedicou títulos emblemáticos das letras galegas como Anagnórise. O escrito inédito gañador, cunha extensión máxima de 250.000 caracteres, será publicado por Urco e recibirá 4.000 euros.

O prazo de entrega dos textos que opten ao premio conclúe o vindeiro 28 de febreiro. O xurado estará composto por unha persoa representante da familia de María Victoria Moreno, outra en representación do Concello de Pontevedra, unha alumna ou alumno do IES Torrente Ballester de Pontevedra -o último no que María Victoria Moreno foi docente-, unha persoa especialista en literatura infantil e xuvenil e outra en nome de Urco Editora. A súa decisión farase pública durante a celebración do Salón do libro infantil e Xuvenil de Pontevedra, en cuxa páxina web poden consultarse as bases do premio.

O tema da edición de 2018 do Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra é “Mulleres de conto”. Preténdese así render unha “homenaxe merecida” ás mulleres que conforman o mundo da LIX e “promover unha lectura crítica e reflexiva, con perspectiva de xénero, ao mundo da creación literaria e plástica da LIX”, explícase na páxina web do salón. Neste contexto, a figura de María Victoria Moreno, veciña da cidade, terá especial relevancia dentro das accións que se están a programar.

CONCELLO
SALVATERRA DE MIÑO

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS 2018

5 DE FEBREIRO, DÍA MUNCIAL CONTRA O CANCRO

Ás 17.00h ACTIVIDADE INFANTIL. Construíremos un lazo xigante na chaira da praza do Concello e a continuación faremos unha volta de globos en apoio a todos@s que sofren esta enfermidade.

24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA

Ás 17.00h ACTIVIDADE INFANTIL. Entre todos os asistentes realizaremos unhas chapas de Rosalía, e ao remate da actividade recitaranse varios poemas da autora galega.

8 DE MARZO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Ás 17.00h ACTIVIDADE INFANTIL, o LABIRINTO DA IGUALDADE.

“Día da muller traballadora”

LUGAR: Praza do Concello

*En caso de choiva as actividades suspenderanse.

Colabora

DEPUTACIÓN DE PONTVEDRA | Pontevedra

ECOCELTA GALICIA: valorización biolóxica e sostible de residuos orgánicos.

Ecocelta Galicia, creada no ano 2003 na localidade de Pontearreas (Pontevedra) é unha pequena empresa adicada a valorización por compostaxe e vermicompostaxe de residuos orgánicos galegos. Mediante ambos dous procesos consegue obter abonos e sustratos de alta calidade fertilizante e sobre todo, biolóxica, que dispoñen de certificación ecolóxica.

Na actualidade Ecocelta afronta novas metas na valorización de residuos orgánicos dende a

particulares, a maiores das actividades de Educación ambiental e I+D+i que viña desenrolando ata o momento. Con isto consegue dar un asesoramento de calidade aos clientes, ademais de poder acceder a mercados máis técnicos e especializados que precisan dun asesoramento específico no abonado e mesmo posibilitou elaboración de abonos a carta.

Esta actividade técnica comercial foi a que conseguiu que nos últimos tempos sacara ó mercado produtos técnicos

A partir deste ano 2017, xunto a unha empresa vasca, Bidatek, que traballa para a depuración das augas residuais urbanas e agroindustriais, únense para instalar en Galicia as primeiras centrais de tratamento biolóxico para purificar as augas residuais de pequenos núcleos urbanos. Este sistema, pioneiro en Galicia, preséntase como a solución para a implantación de redes de saneamento en pequenos centros urbanos cun baixo custo de montaxe e mantemento en comparación coas tecnoloxías actuais

Outro dos proxectos dos que cabe especial mención é o caso do proxecto concedido no ano 2017: Plan de Innovación 2017-2018, encadrado no programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 da Xunta de Galicia. Este proxecto servirá para poder poñer en un plan de innovación para adaptar partes específicas da planta para a produción e formulación dun novo produto específico para viñedos e solos de Galicia a partir de Concha de mejillón Compostada. Os primeiros resultados deron lugar a obtención dun abono encalante orgánico cun 35 % de poder de neutralización do pH, que substituiría aos encalantes minerais que existen actualmente no mercado. A aplicación deste abono nos solos ademais de aportar materia orgánica ser-



viría para equilibrar a composición do solo e mellorar a carga biolóxica do mesmo.

Pola súa banda, no que atinxe á xestión de residuos orgánicos de orixe urbana, Ecocelta empezou cos residuos procedentes de establecementos do Concello de Carballo, dónde separaban en orixe a fracción orgánica dos residuos que posteriormente enviaban a Ecocelta para as pertinentes probas de valorización biolóxica. Así, comezaron as probas técnicas coas que finalmente se obtivo un Compost Final que foi rexistrado como Compost Urbano. Actualmente ampliaron este estudo e xa traballan con comedores de grandes multinacionais como son Citroen e Inditex.

Agora que comezamos o ano 2018 e con carácter retrospectivo podería decirse que os resultados acadados no ano 2017 foron moi positivos para a empresa e amosan a súa capacidade de crecemento e mellora continua, sempre en liña coa economía circular. Por unha banda, conseguiron o seu primeiro cliente consolidado internacional, con vendas a un importante

productor de plantas tropicais de Guinea Ecuatorial. Por outra, ampliouse a calidade do servizo aos clientes de Galicia tales como tendas agrícolas, bodegas e grandes produtores, donde se mellorou o contacto directo co cliente final e se ampliou a rede de puntos de vendas da marca o longo do territorio galego. No Norte de Portugal tamén existen clientes fixos que dende fai anos acuden a planta de Ecocelta para sobre todo comprar abono a granel para aplicar en viñedos.

A perspectiva de futuro e seguir medrando nestes mercados consolidados e ampliar a rede de clientes o longo de toda a península ibérica onde se espera que neste ano 2018 se incrementen o número de usuarios que merquen e usen este abono galego e ecolóxico para mellorar as súas producións agrícolas e rendementos das mesmas.



biotecnoloxía. Compost de algas, compost encalante con concha de mexillón compostada ou compost urbano, son algúns dos proxectos que desenvolve actualmente.

Dende os seus inicios, Ecocelta mantivo unha liña definida de traballo, baseada na reciclaxe de residuos orgánicos xerados nas proximidades da planta. No ano 2003, Sergio Quiroga, creador e xerente de Ecocelta, comezou co vermicompostaxe de residuos vexetais que ata entón se acumulaban e se queimaban sen maior aproveitamento. Pero hoxe, cos outros sete membros que integran a empresa -a metade deles do departamento técnico de I+D-teñen un foco máis amplo de actividade. No último ano, o Departamento técnico e comercial cobrou forza dentro da empresa, englobando a actividade Comercial e asesoramento técnico agrícola a bodegas e

para profesionais como son o recebo para césped, sustrato para cubertas vexetais, e compost encalante con mexillón, entre outros. Esta tarefa non sería posible sen o feed-back obtido polos técnicos na rúa, a través do contacto directo con clientes e potenciais clientes.

Por outra banda, en canto aos proxectos de I+D+i, Ecocelta está a traballar en varios proxectos de gran relevancia investigadora, técnica e social. Por unha banda, despois de 10 anos de investigación, desenvolveu a biotecnoloxía da vermifiltración con miñocas para a purificación das augas residuais. Na súa primeira etapa, centrou os seus esforzos de investigación na depuración e aproveitamento do xurro porcino, a través dun sistema de purificación biolóxico e modular chamado "Vermifiltro". Este sistema foi patentado en 2014 baixo o número "P201400345"

Funcionarios de Medio Ambiente de Macedonia visitan Ecocelta

Ecocelta acollerá neste mes de Febreiro unha visita técnica as súas instalacións organizada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Esta visita, encadrada dentro dun proxecto de carácter ambiental financiado pola Unión

Europea, supón a recepción dunha delegación de funcionarios do Ministerio de Medio Ambiente da República de Macedonia. Esta visita supón o recoñecemento de Ecocelta que, xunto con outras empresas galegas, foi seleccionada como unha das máis importantes instalacións de xestión de residuos situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Novas da Empresa

Marra Gastronomía entregou en Ourense os premios Ramón Bilbao

Marco Antonio Marra Méndez, director comercial de Madisor, presentou na sede da Confederación Empresarial de Ourense (Ceo) o acto de entrega de premios do concurso de bodegóns do mes do Reserva Ramón Bilbao, correspondente ao ano 2017. Todos os locais de hostalería de Ourense participantes puxeron a disposición dos clientes durante un mes un botellón de 15 litros de Ramón Bilbao Reserva.

Os hostaleiros que acudiron á cita recibiron unha lámina de Isabell Seidel, pintora alemá

afincada en Ourense, que as realizou en cada un dos locais que expuxeron o Bodegón de Ramón Bilbao nas súas instalacións. No mesmo acto entregáronse os premios aos tres mellores bodegóns decorados. Os tres premios foron para Vinoteca Saborido (A Ponte, Ourense) que xa recibira o primeiro premio no ano 2016. Don Paco (O Carballiño) e Despensa do Fuentefría (Casco Vello de Ourense). Estes tres premios teñen contía económica e unha viaxe. Asistiu ao acto Javier Álvarez Rivadulla, director rexional de Zadibe.

continúa na páxina seguinte...



Susana, da Despensa do Fuentefría, recibiu o terceiro premio.



Jorge Campos, de Enxebre, recibiu lámina.



José Manuel Saborido recibindo o primeiro premio.



Novas da Empresa

...ven da páxina anterior

Despois da entrega de láminas e premios obsequiouse aos asistentes cunha degustación dos viños da Alta Rioja e Ramón Bilbao: Lalomba, un rosa pálido das variedades 90% Garnacha e 10% Viura que sorprendeu a todos os asistentes tanto pola súa presentación como pola súa frescura e intenso sabor. O comentario máis escoitado foi “un viño da inten-

sidade dun tinto e a frescura dun rosado”. Tamén se degustou o Ramón Bilbao Reserva, ben coñecido por todos os asistentes ao evento xa que pertencen ao ramo da hostalería ourensá. Todo acompañado duns petiscos xentileza de Marra Gastronomía, empresa ourensá dedicada desde 1992 ao comercio por xunto de produtos alimenticios e bebidas.



Carlos, de A Feira, recollendo o galardón.



Paco Orellas agradeceu o premio.



Perico, recollendo o seu premio.



Saborido
Vinoteca

988 217 442
Avda. Caldas, 51 Ourense



Novas da Raia

Já são conhecidos os “novos artistas 2018” da FBAC

Polliana Dalla Barba (BR), Marco Moreira (PT) e Rui Horta (PT) são os artistas vencedores do Concurso “Novos Artistas 2018”, que reuniu mais de 130 candidaturas. As exposições decorrerão entre os meses de fevereiro e julho de 2018 na Galeria do Fórum Cultural de Cerveira.

Segundo o Presidente da Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC), Fernando Nogueira, esta iniciativa tem como objetivo “consolidar a FBAC como uma instituição atenta e atuante no panorama artístico nacional e internacional atual, através da promoção e difusão da produção artística, da experimentação e da atividade expositiva como meio de reflexão sobre a arte e sobre a cultura visual contemporânea, assim como do alargamento a novos públicos”.

A Comissão Consultiva de apreciação das propostas foi



Galeria da FBAC

composta por personalidades de reconhecido mérito na área artística: pela responsável de Curadoria, Gestão de Coleção e Publicações do Maat, Ana Anacleto; pelo curador independente e editor da DARTO, David Barro; e pelo diretor adjunto do Museu de Serralves, João Ribas.

Aberto à participação de artistas nacionais e estrangeiros no máximo com 15 anos de carreira, o edital previa a seleção de três propostas de ex-

posições individuais ou coletivas, sendo que os autores receberão uma ajuda de custo para a produção no valor de dois mil euros (incluído os impostos previstos na legislação em vigor).

O Concurso “Novos Artistas 2018” integra a candidatura “Bial Internacional de Arte de Cerveira: 40 anos que projetam o futuro”, que conta com o apoio da República Portuguesa – Cultura / Direção-Geral das Artes.

Enterro da Lamprea em Salvaterra de Miño

O Entroido arranca en Salvaterra o venres día 9 de febreiro, a partires das 10.30 da mañá, co Desfile de Entroido dos Centros Educativos, dende a Praza do Concello ata o Auditorio do Parque Público A Canuda, (en caso de choiva trasladarase ao Pavillón de Leirado).

O martes 13 de febreiro é o día dos máis cativos, co seu FESTIVAL INFANTIL, onte a partir das 17.30 haberá concurso de disfraces, karaoke, rosca e chocolate

E ponse punto e final ao



entroido co ENTERRO DA LAMPREA, o próximo 17 de febreiro a partires das 17.00h, con desfile de comparsas, charanga e a comitiva de choronas, que

percorreran as rúas principais da Vila chegando ata a Praza do Concello onde terá lugar a xa tradicional lectura do testamento e queima.



Redacción

Alunos do 12º ano ensinam alunos do 4º ano a fazer experiências de química e física

O Banco Local de Voluntariado de Monção lançou o desafio e sete alunos do 12.º ano do Agrupamento de Escolas de Monção responderam afirmativamente ao repto. Desta forma, nasceu a “Fábrica de Experiências”, programa de voluntariado que tem como objetivo fazer crescer o bichinho da química e física junto das crianças monçanenses.

O programa tem periodicidade semanal (quarta-feira e sexta-feira, de forma alternada, a partir das 14h00) e abrange toda a população escolar do concelho a frequentar o 4.º ano de escolaridade. Iniciou-se na semana passada, prolongando-se até ao final do ano letivo em curso.

Decorrendo nos estabele-

cimentos de ensino do 1º CEB do concelho, “Fábrica de Experiências” procura sensibilizar e despertar as crianças para a exploração da química e física através de experiências engraçadas e divertidas. Paralelamente, proporciona momentos enriquecedores de partilha de conhecimentos.

O objetivo é semear o bichinho da ciência junto dos mais novos para que a imaginação e a curiosidade cresçam à medida dos sonhos de cada um(a), reforçando o gosto pelo voluntariado e a vontade pela realização de experiências. Um passo para o surgimento de pequenos cientistas que, no futuro, podem tornar-se grandes cientistas.



O Banco Local de Voluntariado de Monção tem como missão promover e divulgar o voluntariado, facilitando o encontro entre a oferta e a procura de voluntários e instituições organizadoras. “Fábrica de experiências” é um dos vários programas em desenvolvimento que, no seu conjunto, envolvem cerca de uma centena de voluntários.

Rotary Club de Monção promove carnaval solidário

Tendo como objetivo a realização de eventos de carácter cultural, desportivo e social e a missão de ajudar a criar um mundo melhor, o Rotary Club de Monção promove no dia 10 de fevereiro, sábado, no Hotel Termas de Monção, um Carnaval Solidário.

Subordinado à temática “Loucos Anos 20”, envolve uma componente solidária mas também de promoção da nossa terra. Jantar e baile tem o custo de 25,00 €. Apenas baile, com direito a uma bebida, desce para 10,00 €. Parte da receita reverte e favor dos Bombeiros Voluntários de Monção.

O Rotary Club de Monção tem todo o gosto em receber aqueles que decidirem juntar-se a esta festa temática e participar quer no jantar quer no baile de Carnaval. Faça parte desta iniciativa solidária, ajudando neste dia quem nos ajuda todos os dias.



Cantata de Reis das crianças da Santa Casa da Misericórdia de Monção



A habitual Cantata dos Reis das crianças da Santa Casa da Misericórdia de Monção realizou-se na manhã desta quinta-feira, dia de mercado, com passagem pelas principais artérias do centro histórico da vila e paragens em alguns estabelecimentos comerciais, instituições públicas e lar de idosos Dona Maria Teresa Salgueiro.

Na Casa do Loreto, foram recebidos pelo Presidente da Câmara Municipal, António Barbosa, e pelo Vereador das Obras Públicas e Urbanismo, Duarte Amoedo. O autarca desejou um bom ano a todos e presenteou os pequenos com algumas guloseimas.

Com pandeiretas, ferrinhos e

bombos a acompanhar o ritmo da concertina, as crianças da Santa Casa e as educadoras e auxiliares da instituição passaram ainda pela antiga Casa do Dr. Pinho, edifício onde funcionam os serviços de ação social, cultura, turismo, desporto, educação e recursos humanos.

Fiéis à tradição, as crianças entoaram cânticos próprios da época e apresentaram-se com a tradicional coroa e capa, envolvendo-se no espírito desta quadra que, por estes dias, anima o concelho de Monção com muitas associações e clubes a cumprirem esta tradição de porta em porta, deixando quadras rimadas e divertidas.

O Concello da Guarda acolhe a exposição fotográfica do XI certame «Viaxando»

O Concello da Guarda acolhe desde o passado luns 15 de xaneiro a exposição formada pelas fotografias participantes no XI certame fotográfico «Viaxando».



O concurso -organizado pelas OMIX dos concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas, Porriño e a Casa de Xuventude de Tui- contou coa participación de máis de 20 mozos e mozas de distintos puntos da xeografía galega. A fotografía gañadora

do certame, que se deu a coñecer no mes de outubro, foi «Namorados no Interrail», obra do tomiñés Daniel Álvarez Fonterosa.

A exposición poderá visitarse ata o 15 de febreiro na casa consistorial, data na que a mostra seguirá coa súa ruta polos restantes concellos organizadores.

0 Festival Taíña cumpre 15 anos con música de calidade para todas as idades

Livia de Marrao, Elephants Yard, Tati's Joplin e The Kozmic Blues tocarán o vindeiro 10 de febreiro ás 23.00 horas na Praza de Goián

A Praza de Goián prepárase para acoller de novo o Festival Taíña, un evento musical que celebra os seus 15 anos de vida e que quere facelo co mellor cartel musical posible. O vindeiro 10 de febreiro ás 23.00 horas de xeito puntual comezará un concerto no que participarán tres grupos de Chantada, Vigo e Tui, co obxectivo de dar a coñecer ao público "grupos galegos con distintos estilos musicais".

Organizado pola Asociación Xuvenil Taíña, de Goián, o festival conta coa colaboración do Concello de Tomiño, da Federación Galega de Festivais, da Comisión de Festas do Entroido de

Goián e da Comunidade de Montes de Goián. Con entrada de balde, na praza colocárase unha carpa cuberta para que o público disfrute dunha noite de música e lecer no sábado de Entroido. "Levamos máis de tres meses preparando esta nova edición, con cada vez máis traballo pero con moitas ganas e con moita ilusión", explica Tania Domínguez, presidenta de Taíña.

Nesta edición abre o cartel Liviao de Marrao, dez músicos chantadinos misturando ska, punk, rock, folk e mensaxe dende 2010. Os seguintes en subir ao escenario serán Elephants Yard, unha banda de reggae formada por varios músicos afincados en Vigo e arredores que levan á práctica varias facetas: baking band de artistas, banda de estudo na súa sede e banda de tributos e versións. Completan o cartel Tati's Joplin & the Kozmic Blues Band,

unha banda nacida no ano 2016 como tributo a Janis Joplin en formato eléctrico con teclado e ventos. Os sete integrantes da banda son de estilos musicais diferentes pero teñen en común o gusto pola música e a grande interpretación de Joplin, coa que queren achegar o rock e o blues a todo tipo de ambientes e lugares.

Con 15 anos de bagaxe detrás, o Taíña xa se pode considerar un festival de renome, con importantes grupos subindo ao seu escenario edición tras edición. Cada ano máis de 600 persoas de todas as idades disfrutan como público a este evento que "organizamos cada edición coa intención de

que dure moitos anos". Ademais, cada ano o festival abre máis as súas portas, xa que cada vez chega máis público de fóra da localidade para gozar dunhas horas de boa música galega.



M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete
BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña